



BASES DO DESFILE DE ENTROIDO 2019

1. Inscripción no punto de saída: Casa do Concello na Rúa Vila, 63. San Cosme, dende as 19.30 ata 20:30h. Os participantes deberan estar TODOS no punto de saída as 20.45h.
2. Os participantes que non leven dorsal non serán puntuados para o concurso. Cada participante será responsable dos danos que poidan causar a terceiros.
3. Os participantes deberán seguir as instrucións da organización durante todo o desfile.
4. Quedarán descalificados aqueles que non cumpran estas bases ou se inscriban nunha categoría que non e a súa.
5. Haberá as seguintes categorías:
 - **INFANTIL:** (menores de 12 anos) individuais, parellas e grupos. Deberan estar *acompañados* durante o desfile dalgún adulto que sexa o responsable do menor(es). Os premios serán:
 - INDIVIDUAL INFANTIL: premios ós dous mellores de 30€ e 20€
 - PARELLA INFANTIL: premios ós dous mellores disfraces de 40€ e 30€
 - GRUPO INFANTIL: premios ós dous mellores grupos de 60€ e 40€
 - **ADULTO:** estableceranse as seguintes categorías:
 - INDIVIDUAL: premios ós dous mellores disfraces de 50€ e 30€
 - PARELLAS: premios ós dous mellores disfraces de 60€ e 40 €
 - GRUPO: premios para ós dous mellores grupos de 100 € e 50€
 - **COMPARSAS E CHARANGAS:** participan na mesma categoría e optarán a: 1º premio de 300€, 2º premio de 250 €, 3º premio de 150 € e 4º premio de 100€.

(As comparsas locais non optarán a premio)

TERÁ A CONSIDERACIÓN DE GRUPO, TODO AQUEL QUE TEÑA TRES OU MÁIS INTEGRANTES.

SERÁ ADULTO OU INFANTIL SE O 60% DOS INTEGRANTES SON DESTA CATEGORÍA.
6. A organización reservase o dereito a cambiar o percorrido ou suspender o desfile por causas de forza maior ou se o tempo non acompañe.
7. O desfile sairá e rematará na Casa do Concello e percorrerá as principais rúas da vila.
8. Os premios serán entregados durante o baile de disfraces que terá lugar cara a media noite na Praza do Concello. Para recoller o premio será indispensable manter a caracterización coa que participaron e, no caso de grupos, comparsas e charangas, deberán estar a maioría dos seus integrantes.